

ORDENANZA FISCAL Nº 29 REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE COLECTORES E ESTACIÓNS DE BOMBEO DAS AUGUAS RESIDUAIS VERTIDAS Á REDE DE SANEAMENTO MUNICIPAL EN ALTA DA ZONA NORTE DA RIA DE ARES E SUR DA RIA DE FERROL

Artigo 1º. Fundamento e natureza

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se proba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, o Concello de Mugardos establece a taxa pola prestación do servizo de colectores e bombeo das augas residuais vertidas á rede de saneamento municipal en alta da zona norte da ría de Ares e sur da ría de Ferrol, que atopa o seu amparo no artigo 20.4 r) do propio Real Decreto Lexislativo, que se rexerá pola presente Ordenanza fiscal, cuxas normas atenden ao previsto no artigo 57 do devandito Real Decreto Lexislativo.

Artigo 2º. Feito imponible

O feito imponible se concreta na prestación dos servizos municipais de colectores e estacións de bombeo das augas residuais vertidas á rede de saneamento municipal en alta da zona norte da ría de Ares e sur da ría de Ferrol.

Artigo 3º. Suxeito pasivo

1. Son suxeitos pasivos da taxa en concepto de contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria que sexan as ocupantes ou usuarias, calesquera que sexa o seu título, dos inmobles sitos no término municipal e que resulten beneficiadas ou afectadas polos servizos municipais descritos no artigo anterior.

2. Son suxeitos pasivos da taxa en concepto de substitutos do contribuínte, os que consten como propietarios dos inmobles, aínda que non sexan usuarios destes servizos, quenes poderán repercutir, no seu caso, as cotas satisfeitas sobre os respectivos beneficiarios do servizo.

3. Serán responsables solidarios da deuda tributaria as persoas ou entidades ás que se refire o artigo 42 da Lei Xeral Tributaria.

4. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 4º. Supostos de non suxeición e exencións redacciones

1. Non estarán suxeitos á taxa os terreos e os solares que se atopen en ambos casos sen edificar, e as construcións que se atopen en situación de ruina declarada.

2. Gozarán de exención aqueles contribuíntes cuxa unidade familiar perciba ingresos mensuais, por todos os conceptos, inferiores ou iguais ao 125% do IPREM.

Os ingresos mensuais virán determinados polos ingresos de todos os membros da unidade familiar divididos entre doce. A estes efectos teñen a consideración de ingresos a suma da base

impoñible xeral (casilla correspondente da declaración) coa base imponible do aforro (casilla correspondente da declaración), do imposto sobre a renda das persoas físicas.

Para o previsto nestas bases considérase que compoñen a unidade familiar:

- O/A solicitante e o seu conxuxe ou persoa unida en relación análoga conxugal, non separados legalmente e, no seu caso, o titor ou persoa encargada da garda e protección do menor.
- Os fillos/as menores de idade, con excepción dos emancipados.
- Os fillos/as maiores de idade con discapacidade física, psíquica ou sensorial ou incapacitados xudicialmente, suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
- Os fillos/as solteiros/as menores de vintecinco anos e que convivan no domicilio familiar a 31 de decembro do ano inmediato anterior a aquel no que se solicita o servizo sempre que non tiveran un contrato de traballo ou percibiran recursos (agás bolsas) durante o ano anterior.
- No caso de separación ou divorcio, non se considerará membro da unidade familiar aquel que non conviva co solicitante do servizo. En cambio, si terá a consideración de membro computable o novo cónxuxe ou persoa unida ao pai/nai e que si conviva co solicitante. A separación ou divorcio acreditarase mediante sentenza xudicial que determine a mesma, ou convenio regulador onde conste a custodia do menor. En casos excepcionais, e sempre que exista información ao respecto nos servizos sociais comunitarios, esta situación poderase acreditar mediante informe técnico.
- No caso de familias monoparentais (segundo artigo 13 da lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia), e para os efectos do cálculo da renda per cápita, ao que se refire o parágrafo anterior, incrementarase nun 0,8 o número real de membros que compoñen a unidade familiar.

Para as persoas non obrigadas a declarar, as bases impositivas a que se fai referencia obteranse como resultado de aplicarles ós datos existentes na Administración os criterios da lexislación do imposto sobre a renda das persoas físicas.

Calquera indicio de cambio non declarado, distorsión ou falseamento da situación socioeconómica reflectida na solicitude, poderá dar lugar a que se inicie de oficio un expediente de comprobación dos datos referidos. Coa apertura deste expediente nomearase instrutor/a e secretario/a que elaborarán un informe que será obxecto de análise por parte da comisión de baremación, coordinación e seguimento. Poderase requirir ao/a solicitante os documentos que se consideren precisos para a resolución do expediente.

Aqueles solicitantes que non acheguen a documentación requirida para a determinación da súa capacidade económica, no prazo de subsanación correspondente, non gozarán de exención algunha. Este parágrafo non será de aplicación aos solicitantes en situación de emerxencia social ou con informe técnico no que se acredite que se trata de familias con problemas de integración social, en risco de exclusión, desestructuración familiar, con inicio de expediente en menores ou de intervención familiar.

3. Serán requisitos imprescindibles para poder gozar da exención recollida no parágrafo anterior:

- Estar empadronado no Concello de Mugardos.
- Que a vivenda pola que se solicita o beneficio fiscal sexa a habitual.

4. Aos efectos de valorar as solicitudes de exencións presentadas constituirase una Comisión de baremación, coordinación e seguimento que aplicará o disposto no parágrafo anterior e propondrá a contía a aboar ou exención a aplicar en cada caso. Dita comisión estará composta por:

- Presidente/a: O/A alcalde/sa o u concelleiro/a en quen delegue.
- Secretario/a: O da corporación ou funcionario/a en quen delegue (con voz e sen voto).
- Vogais: Un traballador/a do departamento de benestar social.
- A interventora do Concello ou funcionario/a en quen delegue.

As solicitudes presentaránse dentro do prazo que se estableza a tal efecto mediante convocatoria pública. Entregaranse no rexistro xeral do Concello, no modelo facilitado ao efecto e achegando a documentación necesaria para verificar que se cumpren as condicións. A comisión poderá propor a concesión dos beneficios fóra dos prazos establecidos cando se acredite un cambio na situación económica, supoñendo dito cambio o cumprimento dos requisitos establecidos na presente ordenanza.

Dita Comisión efectuará a proposta inicial de cualificación, correspondendo a resolución ao/á Sr./Sra. Alcalde/Alcaldesa.

Esta resolución expoñerase no taboleiro de anuncios do concello.

Os/as solicitantes que o desexen poderán efectuar as reclamacións debidamente documentadas que estimen oportunas no prazo de 10 días naturais contados dende a data de publicación da relación provisional, ao abeiro do establecido na sobredita Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Estas reclamacións entenderanse resoltas coa publicación da lista definitiva.

Artigo 5º. Base imponible, cota tributaria e devindicación

1. A cota tributaria da taxa pola prestación dos servizos municipais de colectores e estacións de bombeo de augas residuais resultará:

- da adición dunha parte fixa (cota de servizo) e dunha parte variable (cota de consumo) para os usuarios con subministro municipal de auga potable e
- dunha parte fixa (cota de servizo) para os usuarios sen subministro municipal de auga potable.

Para os usuarios con subministro municipal de auga potable, a base imponible da parte variable (cota de consumo) virá dada polo volume real ou potencial de auga empregado ou consumido en cada trimestre natural, expresado en metros cúbicos (que serán os mesmos que os facturados no servizo de subministro de auga). De tal forma que a parte variable será o produto de dito volumen de auga empregado ou consumido en cada trimestre natural, expresado en metros cúbicos, polo prezo por metro cúbico correspondente ó grupo de actividade de que se trate.

COTA DO SERVIZO	COTA DE CONSUMO (Parte Variable)	
(Parte fixa) €/trimestre	Tramos en m3	Prezo/m3
Domestico 9,00 €	< 40	0,23 €

	40 - 60	0,33 €
	60 - 80	0,43 €
	80 - 100	0,53 €
	100 - 120	0,63 €
	> 120	0,73 €
	< 40	0,46 €
	40 - 60	0,66 €
Comercial 18,00 €	60 - 80	0,86 €
	80 - 100	1,06 €
	100 - 120	1,26 €
	> 120	1,46 €
	< 40	0,69 €
	40 - 60	0,99 €
Industrial 27,00 €	60 - 80	1,29 €
	80 - 100	1,59 €
	100 - 120	1,89 €
	> 120	2,19 €

Para os usuarios sen subministro municipal de auga potable, así como naqueles casos en que non se facilite a lectura do mesmo (sen prexuízo neste último caso da apertura do correspondente expediente de investigación e sanción, no seu caso) a cota tributaria será a seguinte:

COTA DO SERVIZO (Parte fixa)	
€/trimestre	
Domestico	18,20 €
Comercial	43,00 €
Industrial	132,00 €

Para a determinación do grupo de actividade aplicaránse os mesmos criterios que se aplican nas ordenanzas fiscais número 7 reguladora da taxa polo servizo de subministro de auga e número 8 reguladora da taxa polo servizo de sumidoiros.

3. A devindicación da taxa producirase no momento en que se realice o emprego ou consumo real ou potencial da auga de subministro municipal, con calquera finalidade e mediante calquera aplicación, ou ben, nos supostos nos que non exista subministro municipal de auga potable, no momento en que xurda a obriga de acometida á rede de saneamento municipal. A estes efectos tódolos inmobles teñen a obriga de efectuar a acometida á rede de saneamento municipal sempre que a distancia entre a rede e o inmovible respectivo non exceda de cen metros.

4. Estas cotas actualizaranse anualmente segundo o Índice de Prezos ao Consumo real do ano anterior publicado polo Instituto de Estatística.

Artigo 6º. Declaración e liquidación

As cotas que resulten da aplicación das tarifas do artigo anterior terán carácter trimestral, se ben a liquidación efectuarase a través dun recibo emitido trimestralmente polo Concello de Mugardos ou pola empresa concesionaria do respectivo servizo municipal.

Artigo 7º. Infraccións e sancións tributarias

En materia de calificación e sanción das infraccións estarase ao disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

Disposición derradeira

A presente Ordenanza foi aprobada polo pleno do Concello en sesión celebrada o 10 de outubro de 2014, e entrará en vigor o 1 de Xaneiro de 2015, previa publicación do seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia.

A modificación do artigo nº 6, foi aprobada polo Pleno en sesión celebrada o día 26 de febreiro de 2016, e entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente modificación desta ordenanza fiscal entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro do 2017 e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.